

ÁLVARO CUNQUEIRO

Xosé Fortes Bouzán

Historiador

doi:10.17075/mucnoc.2014.061



Supoño que, por azar, me toca a min abrir esta mesa redonda sobre «Os intelectuais galegos e o franquismo», dentro dos actos programados polo Consello da Cultura Galega co gallo do centenario de Álvaro Cunqueiro.

Ben seguro que a elección non terá que ver coa miña condición de militar nin de crítico literario, actividade esta última que nunca exercín fóra do ámbito privado. Coido máis ben que terá que ver coa admiración que sempre sentín, como lector, por don Álvaro e a súa obra.

Acompáñame na mesa o profesor Alonso Montero, que non precisa presentación, Olivia Rodríguez e o tamén profesor Luís Cochón. Eles si saben de Cunqueiro e entre todos quizais acertemos a aproximarnos ao tema que se nos propón como reflexión.

Resulta moi difícil neste ano do centenario, cargado de actividades diversas, congreso incluído, achegar algo novo sobre a vida e a obra de Cunqueiro. Por conseguinte, vou limitar a miña intervención a unha reflexión inicial sobre os intelectuais e a unha breve descrición e cronoloxía vital e literaria de D. Álvaro, que sirva de daguerrotipo para as contribucións dos demais conferenciantes.

Aínda sendo un grande escritor, Cunqueiro nunca foi, nin pretendeu ser, un intelectual. Emprego o termo *intelectual* no sentido co que se acuñou, a finais do século XIX, con motivo do caso Dreyfus, e se perfilou no XX co artigo de Ortega en *El Sol*, «El error Berenguer», que remataba con aquela lapidaria «Delenda est Monarchía». Aínda que, anos despois, o propio Ortega matizaría e mesmo cambiaría o seu criterio sobre os intelectuais naquel breve e apaixonado ensaio sobre Mirabeau.

Cunqueiro foi, sobre todo, un poeta e un narrador; e, ao meu xuízo, un dos máis grandes, senón o máis grande escritor galego do século XX, e tamén un importante escritor e xornalista en lingua castelá.

«Yo soy un escritor gallego, soy un hombre que piensa en gallego y no creo en el bilingüismo. Sostengo que hay siempre una lengua de fondo, y mi lengua de fondo es el gallego. Que tenga más o menos facilidad para expresarme en otra lengua y que esta sea el castellano es otra historia». Non debe sorprendemos, polo

tanto, que, como poeta —e Cunqueiro sentíase fundamentalmente poeta—, sexa un autor monolingüe.

Ademais de cultivar a poesía, Cunqueiro é un extraordinario prosista, un fabulador que «abriu coa súa narrativa a porta dos soños»; un escritor cun universo propio, poboado de mitos e lendas, envolto polas brumas atlánticas; un cristián de fondas crenzas, como corresponde a un neno criado á sombra dunha sé episcopal; un ourive da lingua, un mago das palabras; un escritor que semella afastado do tempo histórico que lle tocou vivir e moitos de cuxos relatos parecen sacados de vellos pergameos.

Pero Cunqueiro é tamén un escritor con tentacións teatrais e unha longa actividade xornalística que, segundo confesións, lle axudou a lograr a concisión; un home que, a pesar da súa aparencia hedonista e epicúrea, agocha un ser humano cargado de melancolía e pesimismo.

A árbore de Cunqueiro ten raíces mindonienses. É, como el mesmo recoñece, da tribo dos imaxinativos, cunha fonda herdanza de narrativa oral.

Como lector, os seus referentes literarios son máis europeos que españois.

Na súa infancia le a Kipling, Stevenson (*A illa do tesouro*), Verne e Dickens, de quen o examinaba a súa nai. De adulto, a Dante, os libros de cabalarías, Shakespeare, Cervantes, Frei Antonio de Guevara —por aquilo de mindoniense e da «alabanza de aldea»—, Milton, Góngora, Chateaubriand, Stendhal (*La Cartuja de Parma*), Shelley, Faulkner, Joyce, Valle-Inclán, Valéry, Rilke, Baudelaire, T. S. Elliot, Pirandello, Paul Eluard, Hölderlin e o tamén galego Manuel Antonio. O libro de Manuel Gregorio González, que me pasou o seu fillo César, engade Boswelt, Johnson e Pepys, ese trío burgués opíparo e curioso.

Para tratar de achegarnos ao home, ao poeta e á súa traxectoria vital, e por razóns didácticas, voume permitir dividir a súa andaina vital en catro grandes períodos:

1º (1911-1936) De Mondoñedo ao Santiago republicano. O nacemento dun poeta.

2º (1937-1947) *Era Azul*. De Ortigueira a Madrid, pasando por Vigo e San Sebastián. É un período basicamente madrileño e no que, como escritor, emprega o castelán.

3º (1947-1961) A travesía do deserto. Retorno a Mondoñedo, á súa terra e ao seu ser.

4º (1961-1981) Vigo, volta ao xornalismo. Época de recoñecemento como escritor.

1.- MONDOÑEDO

Dicía Cunqueiro que non se pode vivir sen unha certa paisaxe de fondo. E a paisaxe de fondo de Cunqueiro é a de Mondoñedo, a Arcadia dos seus soños. «O meu val, a miña casa, os aromas de cando se cocía o pan...». Un mundo aldeán, de labregos e artesáns (navallas de Taramundi), de curandeiros, de feirantes que acudían á Feira das San Lucas. Pero tamén o mundo da tradición oral. Cunqueiro séntese «da tribo dos imaxinativos».

Lugo (os Maristas). Dous descubrimentos: Galicia (no mapa de Fontán), «alí estaba a miña terra», que nos lembra a Otero Pedrayo. E a literatura escrita, xa iniciada en Mondoñedo: «Yo volaba de un libro a otro como el malvís puede hacerlo de rama en rama».

En Lugo nace o Cunqueiro escritor. Compón os seus primeiros poemas, que lles amosará a Iglesia Alvariño, Pimentel e Fole; o tesouro que levaría a Santiago e que asollaba e corruxía diariamente...

Santiago, 1927. En Santiago gusta máis dos faladoiros —como a do *Español* ou a de Valle no *Derby*— que das aulas.

Noctámbulo, buscador de ecos nas rúas compostelás, en longas noites de faladoiro na compañía de Maside, Eiroa, Souto, o Cuadrado de *Resol*, Ánxel Casal, Seoane..., aos que podería aplicárselles aquela frase de Camba: «Vámonos, que van a pechar as rúas».

Neses anos, toma contacto coa literatura de vangarda: Valéry, Hölderlin, Paul Eluard, T. S. Elliot, e co galego Manuel Antonio.

A sedución da letra impresa: en Santiago ven a luz os seus primeiros poemarios:

1932 *Mar ao norde (Nos)*, deseño de Seoane, con clara influencia de Manuel Antonio.

1933 *Poemas do si e non*, Lugo. Influencia do surrealismo, «unha carga que nunca me quitei de enriba».

1933 *Cantiga nova que se chama Riveira*, Vigo. Con ecos e débedas dos cancioneiros.

Ao mesmo tempo, publica poemas soltos no *Resol* de Arturo Cuadrado, *Nós*, *Yunque* e *El Pueblo Gallego*.

Neste período republicano, toma contacto con escritores cataláns (Teixidor, Agustí...), coa Xeración do 27 (Lorca, Alberti...) e con outros escritores novos ou aspirantes a escritores, como Torrente, que estudaba por libre na Universidade compostelá.

Como nos lembraba Torrente Ballester, quen chegou a Santiago coas poesías completas de Góngora, Cunqueiro non precisaba ler os textos, recitaba de memoria: «Él era ya Cunqueiro y yo no era nadie, ni siquiera un aspirante a Torrente».

1936 O período remata coa sublevación militar e a guerra.

Nunha carta a Augusto Assía, enfoca os terribles acontecementos daqueles días de chumbo con dramatismo, pero con esa chispa de humor de Cunqueiro que o redime: «Ha entrado un tropel de voces y armas... Esa gente no va de juerga, sino a resucitar el imperio por la contrarreforma. Aquí en Lugo tenemos que andar con cuidado que el coronel gobernador citó en una proclama a Dante... ¡Pobre España! Y pobres de nosotros también».

A familia, preocupada pola sorte que puidese correr o escritor *galeguista*, que tiña publicado en Mondoñedo aquela revista *Galiza*, mándao a Ortigueira, onde, por mediación dun crego, consegue dar unhas clases do que sexa. Por suxestión deste crego, preocupado pola súa supervivencia, comeza a colaborar en *Era Azul*. De alí pasará a Vigo (*El Pueblo Gallego* de Jesús Suevos), e despois a San Sebastián, *La Voz de España*, colaborando na prestixiosa revista *Vértice*, que lle abriría as páxinas do *ABC*.

2.- 1937-1947 ERA AZUL, MADRID

Contacta coa flor e nata da Falanxe literaria, dos intelectuais fascistas, como Ridruejo, Laín, Tovar, Aranguren...); o máis tarde chamado falanxismo liberal, aínda que daquela claramente antiliberal.

Participa na *Corona Fúnebre* en honor de José Antonio, con Gerardo Diego, Laín, Manuel Machado, Pemán, Rosales, Vivanco, etc. E colabora na revista *Esco-*

rial, onde, ademais dos citados, participan Torrente Ballester, Martín de Riquer, Alonso del Real, Dámaso Alonso, Azorín, Baroja, Cossío, G. Marañón, Menéndez Pidal, Zubiri, etc.

Ao mesmo tempo que se vai convertendo na pluma de ouro do xornal *ABC*, participa no faladoiro «Ballena Alegre», do Lyón D'Or, con Castroviejo, Borobó, Agustí, Manuel Machado, Moure Mariño e outros.

En 1940, publica *Elegías y canciones*, traducións de poemas galegos, «a traxedia de ser poeta en tempos miserables», e escribe textos narrativos, reunidos en 1968 en *Flores del año mil y pico del ave* («El caballero, la muerte y el diablo», etc.).

Aínda que cadaquén terá o seu propio criterio, eu contemplo con certa indulxencia esta filiación literario-falanxista de don Álvaro (é difícil imaxinar o cerne negro daqueles anos), filiación moito máis literaria que falanxista, ao contrario que Sánchez Mazas —por quen sentía admiración literaria—, Ridruejo, Tovar, Laín e o propio Torrente. Segundo me comunicou este último, na cea posterior á mesa redonda «Pontevedra literaria», que compartimos Manolo Domínguez e mais eu con el, alá polos anos oitenta: «Eu si era falanxista. Nós queríamos facer a revolución dende arriba. Cunqueiro seguía a ser o poeta».

3.- 1947-1961 TRAVESÍA DO DESERTO

Paso por alto os motivos que o converteron nun personaxe sospeitoso, pouco recomendable e mesmo non grato para o propio Réxime. Circulan mil historias, todas verosímiles e moitas probablemente certas, como aquela de Himmler, que non fan máis que lembrarnos que Cunqueiro vivía no seu mundo imaxinario. Cada un fará os seus propios xuízos. O feito foi que todas as portas se lle pecharon e tivo que retornar, medio desterrado, a Mondoñedo.

Foi un período de desencanto político, de dificultades económicas, de crise persoal (malamente gaña a vida escribindo en múltiples publicacións: «Escribo, escribo, escribo»), unha etapa na que se sente illado («estou soio») e abatido («estou canso, acochado nun buraco»).

Pero tamén é un período de recuperación do escritor máis auténtico. As dificultades temperan en moitas ocasións os espíritos. Pasou «de saltapalletas ó seu propio ser», como dirá Ferrín, e nace o Cunqueiro narrador.

Dentro do xénero poético, publica *Dona do corpo delgado* (1950), naquela singular colección pontevedresa denominada «Benito Soto», que se editaba en Gráficas Torres por mediación de Sabino. E en 1957: *Herba de aquí ou de acolá* (último poemario, publicado xa postumamente).

Pero son, sobre todo, os anos do nacemento e afirmación do Cunqueiro narrador e prosista:

1955-57 *Merlín e familia*. Nace o narrador.

1956-59 *Crónicas do sochantre*, situadas na máxica Bretaña, Premio da Crítica 1959.

1958 *Teatro venatorio y coquinario gallego* (Premio Valle-Inclán).

1960 *Las mocedades de Ulises*, *Escola de menciñeiros* e *O camiño de Santiago*.

E tamén dos seus inicios teatrais, con *O incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca* (1959).

Nas *Cartas ao meu amigo* (Paco del Riego), pódese seguir esta traxectoria creativa.

4.- 1961-81

Período caracterizado pola actividade xornalística, polo cultivo da prosa e polo recoñecemento como escritor: 1961, ingreso na Real Academia Galega; 1980, Doutor Honoris Causa pola Universidade Compostelá; e 1981, concesión do Pedrón de Ouro.

Os artigos en *Faro de Vigo*, do que sería varios anos director, son esenciais para coñecer a súa evolución como escritor. Pero o xornalismo non podía colmar a súa fame de fantasía e literatura.

En prosa, publica:

1961 *Se o vello Simbad volvese ás illas*

1964 *Tesouros novos e vellos*

1968 *Flores del año mil y pico de ave*

1968 *Un hombre que se parecía a Orestes* (coa que gaña o Premio Nadal).

1969 *La cocina cristiana de Occidente*, un libro que reflicte como poucos os infinitos recursos literarios de Cunqueiro, a súa vasta cultura e o seu fino sentido do humor. A min cústame relelo sen un cómplice sorriso. Velaquí algún exemplo:

Cuando los obispos alemanes se reúnen en esta abadía (Fulda), es el capón de oca el que reaviva en ellos el furor teológico. El capón de oca es católico, benedictino.

El rodaballo, faisán del mar, fue motivo de confusión para los benedictinos del Poyo de Galicia, que llegaron a preguntar si era lícito comer rodaballo en día de abstinencia de carne. Es un pescado lleno de fantasía...

Tampouco faltan as referencias a viños, como o Chablis, o Gevrey Chambertin ou o Châteauneuf-du-Pape:

Dicen que [el Gevrey Chambertin] es el más intelectual de los vinos, y que los abuelos de Bossuet lo bebían a diario, lo que se nota en la Oraciones Fúnebres del nieto...

Beber Châteauneuf-du-Pape en los primeros días del frío invernal es colocarse la muceta papal, forrada de plumón de tórtola, para salir a tomar el sol.

1971 *Xente de aquí e de acolá*

1972 *Vida y fugas de Fanto Fantini della Gherardesca.*

1979 *Os outros feirantes*

Obras teatrais:

1958 *O incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca.*

1965 *A noite vai coma un río.*

Ingresou na Real Academia Galega en 1961. En 1991, dedícaselle o Día das Letras Galegas. E este ano 2011, celebramos o centenario do seu nacemento.

Velaquí a miña descrición. Espero que entre todos debuxemos un retrato máis nítido.

